

FRANCISCO DUBERT-GARCÍA
VÍTOR MÍGUEZ
XULIO SOUSA
EDITORES

Variedades lingüísticas en contacto na Península Ibérica

(e*i*)
ensaio & investigación

Consello da Cultura Galega

Variedades lingüísticas en contacto na Península Ibérica / Francisco Dubert-García, Vitor Míguez, Xulio Sousa, editores. — Santiago de Compostela : Consello da Cultura Galega, 2020. — 220 p. : map. ; 24 cm. — (Ensaio & Investigación)

DL. C 889-2020. — ISBN 978-84-17802-23-3.

1. Linguas en contacto-Ibérica, Península. 2. Variación (Lingüística). 3. Cambio lingüístico. 4. España (Linguas). 5. Portugal (Linguas). I. Dubert-García, Francisco, ed. lit. II. Míguez, Vitor, ed. lit. III. Sousa, Xulio, ed. lit. IV. Consello da Cultura Galega, ed.

Consello científico da colección (Serie Lingüística)

Ana María Barros de Brito (Universidade do Porto)
Dante Lucchesi (Universidade Federal da Bahia)
Josefa Dorta Luis (Universidad de La Laguna)
María-Pilar Perea i Sabater (Universitat de Barcelona)
Pedro Sánchez-Prieto Borja (Universidad de Alcalá)

DOI: 10.17075/vlcpi.2020

Edita

© CONSELLO DA CULTURA GALEGA, 2020
Pazo de Raxoi · 2.º andar · Praza do Obradoiro
15705 · Santiago de Compostela
T 981 957 202 · F 981 957 205
correo@consellodacultura.gal
www.consellodacultura.gal

Proxecto gráfico

Imago Mundi Deseño

Maquetación

J. M. Arana

Imprime

Imprenta Mundo

Depósito Legal: C 889-2020

ISBN 978-84-17802-23-3

HABÍA + PARTICIPIO NO ESPAÑOL FALADO EN GALICIA: UN ESTUDO DE CORPUS

Victoria Vázquez Rozas

Universidade de Santiago de Compostela

DOI: 10.17075/vlcpi.2020.007

O corpus ESLORA no que se basea este traballo está financiado pola Axencia Estatal de Investigación (AEI) e polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) a través do proxecto ESLORA+ (FFI2017-86379-P). O equipo do proxecto forma parte do grupo de investigación Gramática do español da USC, beneficiario dunha axuda para «Consolidación e estruturación de Grupos con Potencial de Crecemento 2017» da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia (ED431B 2017/39).

Agradezo aos editores do volume os seus comentarios críticos, que permitiron corrixir algunhas inconsistencias da versión inicial do traballo. A Guillermo Rojo débolle especialmente a aclaración da distinción entre o valor temporal da forma *había cantado* e a súa denominación no sistema de Bello. A Hella Olbertz agradézolle as suxerencias resultantes da súa atenta lectura. Os erros que subsistan son responsabilidade exclusiva da autora.

1. INTRODUCCIÓN

As referencias xerais ao español falado en Galicia adoitan sinalar a ausencia de formas verbais compostas como un dos trazos característicos desta variedade condicionado pola influencia do galego (cf., entre outros, Monteagudo & Santamarina 1993: 148; Rojo & Veiga 1999: 2923; Rojo 2004: 1095; Ramallo 2007: 26; Veiga 2014: 158-160 sobre *he cantado*; Fernández Ordóñez 2016: 401; Azpiazu 2017). Con todo, as escasas investigacións baseadas nun estudo sistemático de datos de uso mostran que as formas compostas non son alleas aos falantes galegos, o que non exclúe unha notábel variación histórica e individual na frecuencia, distribución e valores das mesmas.

Algúns autores sosteñen que o contacto real entre (os falantes de) galego e (os de) español en Galicia foi relativamente tardío. Azpiazu (2017), baseándose en Monteagudo & Santamarina (1993) e Kabatek (1996: 47), defende a hipótese de que “el español que se habló en Galicia durante todos esos siglos [desde a Idade Media até entrado o século XVIII] era más o menos el mismo español que pudiera hablarse en el centro de la Península” (2017: 5). Aduce en apoio da súa tese que o uso de *he cantado* en cartas persoais escritas por galegos entre fins do XVIII e principios do XIX non difire do uso castelán (remite a Gómez Seibane 2012 e Octavio de Toledo & Pons 2016). Con todo, advirte que mentres non se amplíe a base documental será difícil extraer conclusións sobre a realidade histórica do contacto lingüístico en Galicia e, en particular, sobre a xénese dos usos verbais que se rexistran actualmente entre os falantes galegos de español.

Temos indicios de que na segunda metade do XIX os usos e valores dalgúns formas verbais do español falado en Galicia non responden ao sistema castelán. Hai evidencia de que nese tempo se estaba a producir unha paulatina incorporación ao castelán dos falantes galegos, obrigada especialmente nun contexto de progresiva escolarización, moi precaria aínda, que imponía o emprego do español

como lingua de ensino e o seu coñecemento formal como (teórico) obxectivo docente (cf. Fernández Salgado 2007 e referencias alí citadas). O *Estudio sobre las faltas del lenguaje que se cometen en Galicia* de Álvarez Giménez (1870), por exemplo, deixa constancia dos novos valores das formas *he cantado* e *canté* á vez que mostra a vitalidade do uso da forma composta. O autor refírese a “las faltas de significación, por decirlo así, que se cometen por no usar debidamente los tiempos compuestos” (1870: 56):

Los gallegos se valen muchas veces de la forma compuesta en vez de la simple cuando esta tiene que repetirse en la oración y así es frecuente oír frases como las siguientes: LLEGÓ ayer y enseguida HA VENIDO á casa; El pájaro estaba en el árbol, Pedro DISPARÓ su escopeta y el pobre animal HA CAÍDO muerto. (ibíd.: 58)

También se nota que muchos en Galicia usan de la forma compuesta, ó pretérito próximo, en vez de la simple, ó pretérito remoto, diciendo por ejemplo; Napoleón HA VENCIDO en la batalla de las Pirámides; en 1809 HA SIDO DERROTADO su ejército en Puentesampayo; El año pasado HA NACIDO el niño.

Por el contrario se advierte que algunos, y principalmente los naturales de Asturias y Galicia, se valen del pretérito remoto en vez del pretérito próximo v. gr.: Jamás DEJARON los reyes de tener aduladores; A pesar de mis deseos, NO CONCLUÍ la obra comenzada hoy. Según la doctrina establecida, debe decirse; han dejado, no he concluido. (ibíd.: 59)¹

A situación que reflectía Álvarez Giménez en 1870 non é moi diferente da que describe Acín (1996) 126 anos despois, incluíndo similares consideracións prescritivas. Tras afirmar que no español falado en Galicia non se empregan os tempos compostos e ofrecer exemplos do uso de *canté* por *he cantado* na prensa, Acín indica que se dá tamén, e mesmo con máis frecuencia na lingua escrita, o fenómeno contrario, o emprego de *he cantado* por *canté*, un uso que a autora atribúe á presión normativa: “El que escribe es consciente del uso abusivo del perfecto simple a costa del compuesto, pero como no distingue bien los usos de las dos formas, comete ultracorrecciones [...]” (Acín 1996: 270; cf. tamén Rojo 2004: 1095). É dicir, si se empregan as formas compostas no español de Galicia, independentemente de que a súa distribución e o seu valor non se identifique co estándar castelán e de que a motivación do seu uso sexa a presión normativa.

¹ Nas citas de Álvarez Giménez mantense a grafía da edición orixinal.

Como sinala Dubert (2002), fronte á identificación tradicional do español de Galicia co uso de formas verbais simples, entre outros trazos, hoxe en día conséntase “o uso cada vez máis habitual dos tempos compostos [...]” (Dubert 2002: 20, nota 6).

Polo que respecta en particular á forma *había cantado*, aínda que Acín afirmaba que “[e]n el castellano hablado en Galicia [...] es prácticamente inexistente” (1996: 271), Pollán (2001) documenta o seu uso nun corpus de entrevistas recompilado nos anos noventa do século xx na Coruña (Fernández Rodríguez s.d.)². Desafortunadamente, no seu traballo, centrado nos usos de *había* + participio como pretérito e non nos de antepretérito (posibelmente máis abundantes na mostra), non proporciona información sobre a frecuencia da forma composta, pois agrupa nos recontos as súas ocorrencias coas da forma en *-ra* con valor de pretérito (simple) de indicativo (cf. Pollán 2001: 73). Con todo, da investigación de Pollán extráese que *había cantado* é plenamente funcional no español de Galicia e que, á beira do seu valor de antepretérito común co estándar castelán, úsase tamén como pretérito, equiparándose así para todos os efectos coa forma indicativa *cantara* do galego e do español de Galicia, que posúe ambos os valores. O uso de *había cantado* como pretérito supón, pois, segundo Pollán, un caso de hipercorrección que se produce para evitar o emprego de *cantara*: “Since the use of *cantara* in the indicative is stigmatized in Spanish, given its Galician origin, speakers avoid its use by replacing it with *había cantado*, the corresponding Spanish pluperfect form.” (Pollán 2001: 61).

O presente traballo pretende contribuír á análise do funcionamento de *había* + participio no español falado en Galicia. Para iso examínase a distribución e o uso da forma nun corpus de fala prestando especial atención á súa relación con *cantara*, forma coa que comparte valores e que á súa vez presenta usos subxuntivos que a identifican con *cantase*. No estudo utilízanse métodos da sociolingüística variacionista clásica, pois pártese de variábeis sociais tradicionais na estruturación da mostra e de rexistros de uso obtidos mediante entrevistas sociolingüísticas.

² A forma composta *había cantado* tampouco é allea aos falantes de galego na actualidade, segundo a información proporcionada por Francisco Dubert (c.p.). Hai, ademais, datos históricos do uso de *haber/haver* + participio en documentos galegos posteriores á época medieval, como na *Historia de Don Servando* (c. 1630) (Souto Cabo 2007: 547) ou no *Romance da Urca de Santo Antón* (1770) (Álvarez & Gonzalez Seoane 2017).

2. BASES PARA O ESTUDO

2.1. O corpus ESLORA

Os datos para o estudo foron extraídos do corpus ESLORA de español de Galicia (versión 1.2.2 de novembro de 2018)³. A mostra analizada está constituída por 53 entrevistas semidirixidas con informantes de Santiago de Compostela, gravadas entre os anos 2007 e 2015 e estratificadas por cotas fixas segundo o xénero, idade e nivel de estudos dos participantes, como reflicte a táboa 1.

Idade	Estudios						
	Primarios		Medios		Universitarios		N
	M	H	M	H	M	H	
20-34	2	3	3	3	3	3	17
35-54	3	3	3	3	3	3	18
>54	3	3	3	3	3	3	18
							53

Táboa 1. Distribución por idade, mulleres / homes e nivel de estudos das entrevistas de ESLORA

O subcorpus de entrevistas contén 639.182 palabras ortográficas (766.683 elementos gramaticais), das cales 570.839 (680.724 elementos gramaticais) corresponden a intervencións dos informantes e 66.147 (83.307 elementos gramaticais) ás dos entrevistadores. A análise das formas verbais baséase exclusivamente no discurso dos informantes.

O corpus ESLORA recolle información sociolingüística sobre o uso que os falantes fan do español e do galego, xa que a realización das entrevistas se complementou coa inclusión dun cuestionario sociolingüístico para recompilar datos sociolóxicos e as declaracións dos informantes arredor dos seus usos e actitudes lingüísticas. As entrevistas acompañáronse tamén dunha proba de inseguridade lingüística (cf. Labov 1966: 474-481; Preston 2013), un instrumento clásico do método variacionista que presenta algunhas dificultades teóricas e prácticas que deben ser

³ Ao final do traballo ofrécense os datos completos de todos os recursos electrónicos citados.

obxecto dun estudo específico. As respostas dos informantes ao test de inseguridade e ao cuestionario graváronse en audio, o que engade ao corpus un material especialmente valioso tanto desde o punto de vista sociolingüístico como desde a perspectiva metodolóxica. Os comentarios e valoracións metalingüísticas dos falantes manifestan a súa actitude cara aos feitos de variación e a súa interpretación das variantes. Constitúen, por tanto, un indicio relevante do valor social que a comunidade de fala atribúe aos fenómenos lingüísticos.

2.2. Valores de *había* + participio

En xeral en español a relación temporal característica de *había cantado* é a dunha referencia anterior a un punto anterior á orixe, o valor máis habitual do chamado pluscuamperfecto ou, na terminoloxía de Andrés Bello, antecopretérito. Esta última denominación non corresponde, con todo, a unha interpretación temporal diferente á do antepretérito (*hube cantado*), de aí a representación vectorial común a ambas as formas como (OV)V que propón Rojo (1974: 81-82, 83; 1990: 29). Por outra parte, tampouco hai diferenzas de valor temporal entre esa referencia anterior a unha referencia anterior á orixe e unha referencia temporal anterior a unha referencia simultánea a un punto anterior á orixe, é dicir, ((OV)oV)V. As figuras 1 e 2 mostran que a relación temporal expresada pola forma *había* + participio é a mesma independentemente de que se oriente primariamente con respecto a unha forma de pretérito (O-V), como ocorre en (1) (*cogí*), ou ben con respecto a un copretérito ((O-V)oV), como en (2), onde a relación de anterioridade primaria á orixe expresada nos pretéritos *me vestí*, *me arreglé* e *me fui* serve como referencia para a relación de simultaneidade marcada no copretérito *no sabía*, que á súa vez orienta a relación de anterioridade da forma composta *me había ido*. No que segue, pois, utilizarei unicamente a denominación antepretérito para facer referencia a este valor común (OV)V da forma *había* + participio.

- mi padre fue visitador médico y *t*-siempre oh plas plas y al final *cogí* el laboratorio que *había dejado* mi padre / pero no era lo mío / SCOM_H21_039_hab1




Figura 1. Representación das relacións temporais das formas de (1) (O= orixe, A= anterioridade, S= simultaneidade, P= posterioridade)

- céntrate Lucía esto ya no es un rebote // ya no es una tontería de críos / ya / te han dejado claro en tu casa lo que / había // eh / tía no vas a poder vivir debajo de un puente toda la vida o sea algo tendrás que hacer / entonces *ese día* pues / *me vestí me arreglé me fui* a casa de una tía mía que *no sabía* que *me había ido* / me duché // y me vine a Santiago / a buscar trabajo / SCOM_M21_048




Figura 2. Representación das relacións temporais das formas de (2)

Porén, en (3), a diferencia de *había dejado* en (1) e de *me había ido* en (2), o valor temporal da forma *había tenido* non implica unha situación anterior a un punto de referencia pasado; é dicir, non é interpretábel como antepretérito senón que necesariamente se entende como un pretérito (= 'tuve la nota / un nueve...').

- mira yo puedo / jurarte que *llegué* adentro // *leí* el examen / y *me reí* en alto <silencio/> porque aquello era de cuando yo iba en tercero o cuarto / claro / [claro] y en veintialgo minutos yo *salí* de la sala // el lo *dejé* allí terminado // y *me reí* mmm bueno *había tenido* la nota / un nueve más o menos había fallado un par de preguntas // SCOM_H21_054




Figura 3. Representación das relacións temporais de formas verbais de (3)

En (4) *había vivido* tampouco corresponde a unha relación temporal de antepretérito, senón que no contexto se interpreta como un copretérito, do mesmo xeito que a forma *tenían* que aparece a continuación no fragmento (= ‘mi marido siempre le contaba que cuando *vivía* en Andalucía pues *tenían* tirachinas...’).

4. tirachinas // es un instrumento <risa/> antiguo / que es una una horquilla así de metal con una goma / entonces pones aquí la piedra y plaf la lanzas ¿ vale ? entonces eeh / mi marido siempre le contaba que claro que cuando *había vivido* en Andalucía en el pueblo // pues tenían tirachinas / entonces bueno allá / un día // eeh / le hizo uno a mi hijo pequeño // y le dijo / no lo lleves al colegio / esto no es para llevar al colegio / SCOM_M23_001

A identificación do valor temporal de *había cantado* con *canté*, é dicir, a súa interpretación como un pretérito simple, móstrase con claridade no inicio e no final de (5), un fragmento que ilustra a alternancia entre *noté* e *había notado* sen diferenzas detectábeis nin na súa interpretación nin no seu contexto sintagmático.

5. I: [...] yo ya me vine para aquí // y sí / *noté* mucha diferencia en aquel momento sí había mucha diferencia porque Lugo era una ciudad / mucho más <alargamiento> muerta / o sea no tenía <alargamiento> <ruido=chasquido boca> en invierno / bueno verano ya no / la gente se marchaba toda de Lugo ¿no? / era una ciudad [así <alargamiento>]
E: [ya /]
I: eh bueno / teníamos el río <alargamiento> y tal / había / bueno / había cosas también / pero <alargamiento> / pero era mucho más muerta / no tenías tanta actividad como podíamos tener aquí en a- en ese momento ¿no? / había mucha más <alargamiento> actividad aquí y bueno / la universidad <alargamiento> / el rollo [de todo]
E: [claro]
I: claro // era / había mucha más movida // y sí / yo *había notado* mucha diferencia / en ese momento sí que la *noté* // [sí sí] SCOM_M32_025

Dos exemplos anteriores dedúcese que *había cantado* é empregada polos falantes non só co valor temporal común en español de antepretérito, como en (1) e (2), senón tamén como forma de pretérito, en (3) e (5), e de copretérito, como en (4).

No apartado 1 mencionouse a explicación dada por Pollán (2001) ao emprego de *había cantado* con valor de pretérito simple. Os falantes galegos de español, ou parte deles, asumen que *había cantado* é a expresión que no uso normativo

corresponde invariabilmente a *cantara* con valor indicativo, forma esta que tratan de evitar por considerala incorrecta e calco do galego. Pero como *cantara* (en galego e no español falado en Galicia)⁴ non só presenta o valor temporal de antepretérito —común con *había cantado*— senón tamén de pretérito e copretérito, atribúense tamén sen distinción estes valores á forma composta, que acaba alternando nalgúns contextos con *canté* e con *cantaba*, como vimos en (3) e en (4). Rojo (2004: 1096) ofrece unha interpretación similar destes usos de *había cantado* que expresan unha referencia primaria de anterioridade á orixe: “[...] la conciencia de que el uso de *cantara* por *había cantado* es una peculiaridad del español de Galicia lleva a algunos hablantes de esta variedad a usar *había cantado* también en estos contextos [...]”.

En Rojo & Vázquez Rozas (2014: 264) analizamos o uso das formas *cantara* e *había cantado* nunha mostra formada por 18 entrevistas do corpus ESLORA e comprobamos empiricamente que tanto unha como outra se empregan con valores de pretérito ou copretérito, ademais de co significado de antepretérito recoñecido tradicionalmente. No presente traballo amplíase notabelmente a mostra dispoñíbel, o que permite achegar novos datos á análise da relación entre ambas as formas verbais no español falado en Galicia.

A forma *cantara* documéntase no corpus con usos indicativos similares aos xa vistos para *había cantado*. En (6) *fuéramos* ten valor temporal de antepretérito (= *habíamos ido*)⁵, en (7) *viéramos* interprétase como copretérito (= *veía*), e en (8) *estuviera* como pretérito (= *estuve*), ao igual que *fuéramos* en (9) *infra* (= fuimos).

6. [...] y ya te digo hasta // a a a mo- hombre / murió / el veintinueve de junio // y el mm // el veintitantos de mayo *fuéramos* a a la feria a Portugal y encantada de la vida // SCOM_M31_045
7. I: no sé si eran Cuba hasta creo que eran cubanos // y / fue la primera vez que vi yo jugar allí al / al béisbol <risa/> //

⁴ Rojo (2004: 1095-1096) lembra que estes usos indicativos de *cantara* están próximos aos da forma latina *amaveram*. Sinala así mesmo que o valor de anterioridade á orixe da forma *-ra* dáse en castelán medieval. Para un repaso histórico dos usos indicativos de *cantara* documentados en español, v. González Ollé (2012).

⁵ Pódese comprobar que a informante emprega a forma composta nun momento posterior da entrevista para referirse a un feito similar: “murió el veintinueve de junio *habíamos ido* la semana anterior // a la playa a Villagarcía //” SCOM_M31_045.

E: bueno si era béisbol probablemente eran cubanos /

I: sí yo no sé si eran cubanos / sudamericanos eran desde luego // y yo era la primera vez que *viera* aquel deporte <ruido tipo="golpe"/> / estábamos allí de niños bueno / ¡ ostra ! dice uno <ininteligible/> y y esto ¿ qué será ? // SCOM_H21_053

8. casi siempre trabajé en alimentación *estuviera* en Champion en el centro cuando era Champion / allí <silencio/> SCOM_M11_040

A confluencia funcional entre *había cantado* e *cantara* maniféstase na súa alternancia nun mesmo contexto. No fragmento (9) incluso a orde secuencial con que o falante produce primeiro *fuéramos* e despois *habíamos ido* pode lerse coma unha tentativa de autocorrección provocada polo coñecemento da norma prescritiva que censura o emprego de *-ra* como (ante)pretérito de indicativo e xa que logo favorece a súa substitución pola forma composta:

9. [...] gente de cuarenta cincuenta sesenta pues hablaban / prácticamente hablaba todo el mundo castellano <silencio/> que a mí me sorprendió que dices tú ah no si en Cataluña que te habla todo dios en catalán que no te enteras de nada // y yo macho pues salvo // el día de <vacilación/> un año que *fuéramos* a Barcelona en en el metro <silencio/> allí en en la estación de Sants que para coger / que va / el primer año que *habíamos ido* / íbamos cuatro y la verdad que parecíamos cuatro <ruido tipo="inspiración"/>

E: bueno /

I: cuatro palurdillos SCOM_H12_027

A figura (4) representa esquemáticamente os valores temporais compartidos polas formas *había cantado* e *cantara*, valores aos que no caso de *cantara* se suma o uso como pretérito de subjuntivo que comparte con *cantase*.




Figura 4. Valores compartidos por *cantara*, *había cantado* e *cantase* no corpus ESLORA

3. ANÁLISE DOS DATOS

3.1. *Había cantado, cantara, cantase*

O panorama esbozado no apartado anterior xustifica unha aproximación ao estudo da forma *había cantado* que teña en conta a confluencia de valores temporais con *cantara*, forma que á súa vez debe examinarse en contraste con *cantase*, coa cal comparte usos subxuntivos.

A distribución xeral de todos os casos de *había cantado*, *cantara* e *cantase* na mostra analizada recóllese na táboa 2⁶. O reparto por sociolectos reflicte un dos parámetros de estratificación sociolingüística das entrevistas, o nivel de estudos dos falantes; o *Sociolecto 1* corresponde aos participantes con estudos primarios, o *Sociolecto 2* aos de estudos medios e o *Sociolecto 3* aos que teñen estudos universitarios. Non hai que descartar o interese doutros factores clasificatorios da sociolingüística clásica incluídos no deseño do corpus ESLORA, como son a idade e o xénero dos falantes, mais as limitacións inherentes á presente investigación aconsellan concentrar a análise só na división sociolectal e deixar para futuros traballos o exame das outras variábeis.

	Sociolecto 1	Sociolecto 2	Sociolecto 3	Total
<i>Había</i> + participio	64	87	187	338
- <i>ra</i>	514	257	235	1006
- <i>se</i>	42	57	106	205
N=	620	401	528	1549

Táboa 2. Frecuencias totais das formas *había cantado*, *cantara* e *cantase* na mostra. Fonte: ESLORA. Elaboración propia

Os datos resumidos na táboa 2 mostran, en primeiro lugar, que a forma composta *había* + participio é relativamente frecuente no corpus. Rexístrase, ademais, nunha elevada proporción de falantes —11 de 17 do sociolecto 1, 16 de 18 do

⁶ Como se indicou no §2.1, a mostra analizada inclúe só as intervencións dos informantes do subcorpus de entrevistas. Quedan excluídos os datos de entrevistadores e “audiencia” (outros falantes). Os datos corresponden á versión 1.2.2 de novembro de 2018.

sociolecto 2, e 17 de 18 do sociolecto 3—, o que indica o seu alto grao de normalización.

A táboa 2 ofrece tamén datos interesantes sobre a frecuencia relativa das formas *cantara* e *cantase* que confirman a vantaxe global da forma *-ra* sobre *-se*, amplamente documentada en estudos anteriores (cf. Rojo & Vázquez Rozas 2014). Afondaremos nesta cuestión no § 3.2.

Por outra parte, as frecuencias absolutas recollidas na táboa 2 mostran unha diferenza aparentemente forte entre os sociolectos na suma total das tres formas verbais (620, 401 e 528 casos respectivamente). Para determinar se esa diferenza deriva dunha descompensación na extensión das mostras textuais de cada grupo, é conveniente contrastar a distribución das frecuencias absolutas cos resultados das frecuencias relativas ou normalizadas, que recolle a táboa 3.

	Sociolecto 1	Sociolecto 2	Sociolecto 3	Total
<i>Había</i> + participio	287	408	810	1505
<i>-ra</i>	1700	957	925	3582
<i>-se</i>	183	277	467	927
N=	2170	1642	2202	6014

Táboa 3. Frecuencias relativas por millón de palabras das formas *había cantado*, *cantara* e *cantase* na mostra. Fonte: ESLORA. Elaboración propia

O gráfico da figura 5 representa visualmente as frecuencias absolutas das formas recollidas na táboa 2, mentres que o da figura 6 reflicte o número de casos por millón de palabra, indicados na táboa 3. A comparación non revela diferenzas rechamantes entre ambos os gráficos, do que se deduce que é lexítimo traballar cos datos de frecuencia absoluta coa garantía de que estes responden ás proporcións reais do uso das formas no corpus.




Figura 5. Frecuencia total de *había cantado*, *cantara* e *cantase*. Fonte: ESLORA. Elaboración propia

Os datos da táboa 2, representados na figura 5, evidencian o diferente reparto das tres formas verbais segundo o sociolecto. Mentres o uso de *había cantado* crece conforme aumenta o nivel de educación formal, a frecuencia de *cantara* é especialmente elevada no sociolecto 1 e diminúe nos falantes con estudos medios e universitarios. Aínda que cunha frecuencia global bastante inferior, a distribución da forma *cantase* corre paralela á de *había cantado* entre un menor uso no sociolecto 1 até un uso proporcionalmente máis alto no sociolecto 3.




Figura 6. Frecuencia relativa por millón de palabras de *había cantado*, *cantara* e *cantase*. Fonte: ESLORA. Elaboración propia

Nos seguintes apartados análzase máis polo miúdo o funcionamento das formas verbais a partir dos datos do corpus.

3.2 *Cantara e cantase*

Cantara e cantase alternan na mostra analizada como formas de subxuntivo. Os exemplos (10) e (11) mostran un contexto de equivalencia funcional:

10. una de ellas / es también de mi edad entonces era como si *fuese* / la prima por parte de mi padre SCOM_M12_036
11. más que una amiga es como si *fuera* de la familia porque se crio con nosotros / SCOM_M12_030

O exame da diacronía de ambas as formas a partir de datos de corpus evidencia unha progresiva expansión do uso da forma en *ra* con valor subxuntivo á conta da forma en *se* (Becker 2008; Rojo 2008; Rojo & Vázquez Rozas 2014). No século xx a proporción de casos de *se* varía dependendo, entre outros factores, do xénero ou xéneros textuais que configuran o corpus. Por exemplo no corpus ARTHUS (analizado na BDS e ADESSE), os textos de prensa e ensaio presentan porcentaxes de *cantase* considerabelmente máis altos que a media (38,9 % e 37,6 % respectivamente), mentres que a narrativa e o discurso oral rebaixan o seu emprego ao 12,4 % e 12,6 % respectivamente. Outros corpus consultados ofrecen así mesmo unha proporción máis reducida de *se* na súa parte oral: 9,01% de *se* na parte oral do *Corpus del Español: Genrel/Historical* (CdEGH) e 9,61% nunha mostra oral de CREA (cf. Rojo & Vázquez Rozas 2014: 246-248).

Fronte ao uso claramente minoritario de *se* fronte a *ra* nos materiais orais citados, a porcentaxe de casos de *cantase* no conxunto de ESLORA é algo máis elevada: na táboa 2 *supra* vemos que en total se rexistran 205 ocorrencias desta forma fronte a 1006 de *cantara*, o que supón un 16,9% da suma de ambas. O dato podería explicarse por influxo da distinción normativa de base etimolóxica que algúns autores prescriben para o galego, segundo a cal nesta lingua, como en portugués, a forma en *-se* é a propia do pretérito de subxuntivo mentres que a forma en *-ra* ten basicamente valor de indicativo, á parte do seu uso en enunciados desiderativos e con verbos modais (cf. por exemplo Freixeiro Mato 2000: 349)⁷. Nunha interpretación menos categórica da oposición funcional etimoló-

⁷ Na realidade, como indica Veiga (2005: 32 ss.; cf. tamén Jurado Dueñas 2017: 72 ss.), o emprego de *cantara* con valor de subxuntivo está amplamente estendido en galego e non é descoñecido en portugués. Polo que atinxe ao galego, Veiga descarta que a orixe destes usos poida atribuírse á influencia directa do

xica, poderíase atribuír o maior peso de *cantase* no español de Galicia ao feito de que é unha forma inequivocamente subxuntiva fronte a *cantara*, que como vimos ten tanto usos subxuntivos (11) como indicativos (6) – (9). Ao favorecer *cantase* como expresión do pretérito de subxuntivo eludiríase a ambigüidade modal que acompaña á forma en *-ra*.

Hai, con todo, datos que nos levan a descartar unha explicación baseada en distincións gramaticais. En primeiro lugar, se a elección de *cantase* tivese un fundamento funcional como marca do subxuntivo en oposición ao indicativo *cantara*, sería moi improbable unha distribución por sociolectos tan desigual como a que reflicte a táboa 4, pois implicaría que os falantes con estudos universitarios, cun 31,1% de *cantase*, usan catro veces máis o subxuntivo que os falantes de estudos primarios, que presentan unha media de *cantase* do 7,6 %, máis baixa mesmo que as do CdEGH e o CREA sinaladas arriba. Tendo en conta que o xénero textual é homoxéneo, non cabe supor unha diferenza tal de contextos sintagmáticos entre as entrevistas do sociolecto 3 e as do sociolecto 1 que poida xustificar o contraste de frecuencia observado.

	Sociolecto 1	Sociolecto 2	Sociolecto 3	Total
<i>-ra</i>	92,4%	81,8%	68,9%	83,1%
<i>-se</i>	7,6%	18,2%	31,1%	16,9%
N=	556	315	341	1211

Táboa 4. Distribución do total das formas en *-ra* e en *-se*. Fonte: ESLORA. Elaboración propia

Pero ademais da acusada diferenza entre as medias dos tres sociolectos, se observamos a distribución de *cantase* por falante, sorprende a súa forte variación individual, xa que se rexistra só en 6 das 17 entrevistas do sociolecto 1, en 11 das 18 do sociolecto 2 e en 9 das 18 do sociolecto 3. É dicir, mesmo no sociolecto

castelán, mais admite que “su generalización en gallego hasta los extremos de haber hecho desaparecer a la forma etimológicamente subjuntiva *cantase* en alguna variedad geográfica concreta hubiera podido verse facilitada por el paralelo triunfo de *-ra* sobre *-se* en español.” (Veiga 2005: 36).

con maior uso de *-se*, o que corresponde a falantes universitarios, tan só a metade dos informantes emprega a forma nalgunha ocasión.

Por outra banda, a hipótese dunha oposición modal entre *cantase* (subxuntivo) e *cantara* (indicativo) como explicación do maior uso da primeira por parte de falantes de español de Galicia choca co feito de que *cantara* sexa a forma maioritaria no subxuntivo en todos os sociolectos, como mostra a táboa 5, que ofrece a distribución dos usos de *cantara* e *cantase* con valor subxuntivo⁸:

	Sociolecto 1	Sociolecto 2	Sociolecto 3	Total
<i>-ra</i>	89,5%	78,4%	63,8%	78,6%
<i>-se</i>	10,5%	21,6%	36,2%	21,2%
N=	401	264	293	958

Táboa 5. Distribución de *cantara* (só usos subxuntivos) e *cantase*⁹. Fonte: ESLORA. Elaboración propia

Por último, se o emprego de *cantase* dependese dunha necesidade de diferenciación funcional cos usos indicativos de *cantara*, a súa frecuencia (a de *cantase*) tería que ser directamente proporcional a eses usos indicativos da forma en contraste. E con todo a distribución do uso non responde a tales predicións senón que reflicte a situación contraria. Como mostra a táboa 6, a maior proporción de casos de *cantara* con valor indicativo dáse no sociolecto 1 (29 %), que se caracteriza por un uso especialmente baixo de *cantase* (7,6 %, supra táboa 3), mentres que os sociolectos 2 e 3, que rexistran menos dun 20 % de usos indicativos de

⁸ Os datos recollidos na táboa 5 contradín a idea de que “el castellano de Galicia [...] no participa en España de la preferencia mayoritaria (con algunas excepciones areales) de la forma *-ra* para el imperfecto de subjuntivo.” (González Ollé 2012: 70-71).

⁹ Nos cálculos das formas en *-ra* exclúense os 9 usos dos verbos *querer* e *deber* rexistrados no corpus con valor de non-realidade (non se documentan casos con este valor para *poder*), como o do seguinte exemplo: “hombre ya no soy el niño y ya sobrecargué demasiado / <ruido/> y encima bueno eso pues no entrenas lo que *debieras*.” SCOM_H12_031. Sobre o funcionamento das formas en *-ra* de *poder*, *deber* e *querer*, que alternan coas formas en *-ría* e non con *-se*, vid. De Sterck (2000); NGLE §24.2.c e §24.2.n; Rojo (2011: 215).

cantara, presentan un emprego bastante superior de *cantase*, que se eleva até o 31,1% no sociolecto 3.

	Sociolecto 1	Sociolecto 2	Sociolecto 3	Total
-ra	29,0%	19,1%	19,6%	24,3%
N=	514	257	235	1006

Táboa 6: Porcentaxes de uso indicativo de *cantara* sobre o total de usos de *cantara*¹⁰. Fonte: ESLORA. Elaboración propia

A conclusión é que os datos de uso non sustentan unha motivación gramatical da variación *cantara* / *cantase* no corpus ESLORA. Os falantes con estudos universitarios (sociolecto 3) usan *cantase* moi por riba da media (e por tanto son os que menos usan *cantara* subxuntivo). Con todo, non parece que se produza unha especialización funcional (expresión de distintos valores modotemporais) da forma *cantase* como subxuntivo fronte a *cantara* indicativo, porque non destacan na frecuencia deste último valor. Pola súa banda, os datos dos falantes de estudos primarios (sociolecto 1) confirman que o uso de *cantase* non se debe a unha especialización e contraste funcional en oposición a *cantara*, pois é precisamente este grupo o que rexistra máis usos indicativos de *cantara* sen que tal feito redunde nun maior emprego de *cantase*. Hai que descartar, por tanto, a hipótese da diferenciación funcional para explicar o emprego das formas no español de Galicia, hipótese mencionada por Kempas (2011: 249) e González Ollé (2012: 70).

3.3. *Cantara* indicativo e *había cantado*

Para comprender o funcionamento de *había cantado* no noso corpus, é preciso observar con certo detalle a súa distribución e valores en contraste cos usos indicativos de *cantara*. O feito de que ambas as formas compartan significados temporais, como quedou exposto no §2.1, non implica que sexan empregadas indistintamente polos falantes da mostra.

¹⁰ Ao igual que nos cálculos da táboa 5, tamén neste caso exclúense dos datos os usos de *quisiera* e *debería* con valor de non-realidade (= *querería* e *debería*).

O primeiro elemento diferencial que se observa é a maior extensión individual da forma composta que a simple: mentres que 44 dos 53 entrevistados empregan nalguna ocasión *había cantado*, só 27 deles usan *cantara* con valor indicativo. Este dato podería interpretarse como a consecuencia natural do menor número total de casos de *cantara* indicativo (244) fronte a *había cantado* (338), aínda que a diferenza cuantitativa no uso total das formas —41,9 % de *cantara* fronte a 58,1 % de *había cantado*— non parece suficiente para explicar que a metade dos falantes non empreguen a forma en *-ra*.

Ao examinar os datos parciais por sociolectos, obsérvase unha maior tendencia ao uso de *cantara* nos falantes do sociolecto 1, pois 11 de 17 empregan algunha vez a forma; o número de usuarios de *cantara* baixa a 9 no sociolecto 2 e a 7 no sociolecto 3. Mais é a distribución da frecuencia total de uso o dato definitivo que confirma a diferenciación sociolectal entre *cantara* indicativo e *había cantado*. Na táboa 7 vese con claridade que o uso da forma composta medra drasticamente nos sociolectos 2 e 3, en especial neste último.

	Sociolecto 1	Sociolecto 2	Sociolecto 3	Total
<i>-ra</i>	70%	36%	19,7%	41,9%
<i>Había</i> + participio	30%	64,0%	80,3%	58,1%
N=	213	136	233	582

Táboa 7. Distribución de *cantara* indicativo e *había cantado*. Fonte: ESLORA. Elaboración propia

Tendo en conta que o nivel de formación académica é o criterio que discrimina os sociolectos na mostra, a variación que mostra a táboa 7 debe relacionarse co factor da presión normativa exercida sobre todo a través do ensino. Efectivamente, as evidencias de tal presión remóntanse ao século XIX. Álvarez Giménez (1870) no seu afán prescritivo achega unha das primeiras probas da censura do uso de *cantara* con valor de antepretérito, considerado espurio en castelán académico:

Hay otro defecto que se puede explicar mejor y evitar también más fácilmente por los que le [*sic*] cometen, y es el relativo al uso que hacen de la primera forma del pretérito imperfecto de subjuntivo en vez del pretérito pluscuamperfecto de indicativo.” (Álvarez Giménez 1870: 60)

Como en el dialecto gallego no existen los tiempos compuestos, cuando hay necesidad de expresar la idea que corresponde al pretérito pluscuamperfecto de indicativo se valen muchos, al hablar en castellano, de la primera forma del pretérito imperfecto de subjuntivo, v. g. *Cuando llegué á la estación ya MARCHARA el tren. Deberá decirse, ya HABÍA MARCHADO.* En una novela que publicó *El Progreso* de Lugo y número de este periódico correspondiente al 10 de Noviembre de 1867, leímos la [*sic*] siguientes palabras: «Hacía dos días que Rogiero TUVIERA con Lucía la conversación» etc. La pureza exigía que se dijese, HABÍA TENIDO. (ibíd.: 61)¹¹

A reprobación do uso indicativo de *cantara* é habitual nas gramáticas desde o século XIX. Considérase un arcaísmo e interprétase como sinal de afectación (cf. Bello 1847: 436-437 §720; Alonso & Henríquez Ureña 1939: 156 §199; Mallo 1950; Alarcos 1994: 158-159), pero cualifícase de dialectalismo na fala e na escrita en español de galegos e asturianos (cf. Spaulding 1931 § 44, b; Kany 1945: 170-171; Alarcos 1994: 159).

Algúns dos autores citados (Bello ibíd.; Alonso & Henríquez Ureña ibíd.; Mallo 1947: 486-487 e 1950: 133) censuran especialmente o emprego de *cantara* indicativo con valores de pretérito e de copretérito, ilustrados en (7) e (8) *supra* e a continuación en (12) e (13):

12. en Londres *estuviéramos* también en u- eh creo que fue ahí donde *estuviéramos* en una universidad en una residencia universitaria // ah nos *alojaran* en una residencia universitaria // SCOM_M32_023
13. antes por ejemplo // que <vacilación/> / cuando éramos pequeños *fuera* una dictadura // porque había que ir a misa ¿no? / después va / fue / fueron evolucionando // SCOM_H31_046

Non hai referencias nas obras citadas nin noutras consultadas ao uso de *había cantado* con eses mesmos valores no contexto gallego —usos exemplificados en

¹¹ Nas citas textuais mantense a grafía orixinal.

(3) – (5) *supra* e (14) e (15) *infra*—, coa excepción de Pollán (2001 e 2002/2003) que, como vimos anteriormente, interpreta a aparición da forma composta como pretérito ou copretérito como un fenómeno de hipercorrección provocado pola censura normativa do uso indicativo de *cantara*.

14. pues no sé cada uno tiene su encanto hombre me gustó mucho Praga y / y Budapest / mm *había sido* bastante bonito // muy bonito SCOM_H32_033
15. nosotros cuando nos casamos / pues / eeh bajamos /eh habíam- / pa- *habíamos pasado* por Madrid porque tenía yo en aquel momento una prima / eh / una / yo tengo / [...] SCOM_M33_005

Pollán, porén, non achega información sobre a distribución das dúas formas con estes valores, pois reúne nunha mesma categoría os casos de *cantara* e de *había cantado* indicativo.

En Rojo & Vázquez Rozas (2014) ofreceramos unha descrición dos usos de pretérito e copretérito por parte dos informantes do sociolecto 3. Constatábase entón que, sorprendentemente, *había cantado* superaba tanto en frecuencia total de casos como en número de falantes a *cantara*. Vimos que a maioría dos informantes do sociolecto 3 expresan mediante a forma composta valores de pretérito e copretérito que non se documentan, até onde sabemos, na fala doutras variedades do español (excluíndo zonas limítrofes con Galicia). A razón de tal distribución é que, de maneira máis ou menos consciente, os falantes atribúen a *había cantado* os mesmos significados que se recoñecen en *cantara* indicativo e evitan así empregar esta última forma que se considera incorrecta¹².

A día de hoxe, os datos dispoñíbeis no corpus ESLORA permiten obter a distribución sociolectal completa de ambas as formas nos valores indicados e, en consecuencia, ampliar a descrición do fenómeno con información máis representativa do conxunto dos falantes. O contraste que observamos entre sociolectos na táboa 8 vén reforzar a explicación anterior, pois reflicte a maior influencia do discurso prescritivo que censura o emprego de *cantara* indicativo nos falantes con estudos universitarios, mentres que o peso da norma diminúe no sociolecto 2 e de forma moi acusada no sociolecto 1.

¹² Pódese falar dunha estratexia de “evitación” (Dubert 2002: 24, nota 8).

	Sociolecto 1	Sociolecto 2	Sociolecto 3	Total
-ra	90,2%	77,1%	42,9%	70,5%
había + participio	9,8%	22,9%	57,1%	29,4%
N=	92	48	77	217

Táboa 8. Distribución relativa de *cantara* e *había cantado* con valores de pretérito e copretérito de indicativo. Fonte: ESLORA. Elaboración propia

4. CONCLUSIONES

O emprego dun corpus oral estratificado por sociolectos permitiu abordar con fundamento empírico o estudo dun aspecto pouco coñecido do verbo español: o funcionamento de *había cantado* no castelán de Galicia. Tras investigar o comportamento desta forma verbal e doutras dúas relacionadas, *cantara* e *cantase*, é posíbel aportar algúns datos e argumentos novos ao debate gramatical.

A primeira conclusión que se extrae do estudo é que a día de hoxe o uso de tempos compostos, e particularmente de *había cantado*, está estendido entre os falantes galegos de español. No conxunto da mostra, para a expresión dos valores temporais de antepretérito, pretérito e copretérito de indicativo, é maioritaria a forma composta tanto na proporción dos casos rexistrados (58,1% contra 41,9% de *cantara*) como no número de falantes que a usan (44 de 53 fronte aos 27 de 53 que empregan *cantara* indicativo).

En segundo lugar, o traballo desenvolve con novos datos a idea apuntada en Pollán (2001 e 2002/2003) de que o uso de *había cantado* como pretérito e copretérito xorde por ultracorrección. A variación sociolectal na distribución de *cantara* indicativo e *había cantado* débese moi probabelmente á presión dunha norma de corrección que rexeita estes empregos de *cantara* indicativo por consideralos “galeguismos”. É lóxico pensar que a influencia da norma prescritiva ten máis efecto nos falantes con máis formación académica, de aí as fortes diferenzas que recollen as táboas 7 e 8 entre as tres categorías sociolectais.

En terceiro lugar, os datos analizados sustentan así mesmo a pertinencia das distincións sociolectais na distribución de *cantara* e *cantase*. Aínda que no conxunto da mostra o uso de *-se* ofrece unha frecuencia superior á documentada

noutros corpus, vense de novo unhas diferenzas moi marcadas entre os tres grupos. Dedúcese, por tanto, que o elevado uso de *-se* nos sociolectos 2 e 3 é unha consecuencia máis da censura exercida sobre *-ra* indicativo, que ten como efecto secundario a evitación de *cantara* tamén nos usos subxuntivos por parte dos falantes con estudos medios e, sobre todo, dos universitarios. Por outra parte, demostrouse que a distribución de *cantara* e *cantase* no corpus obriga a descartar unha motivación gramatical no uso máis elevado en Galicia de *cantase* como subxuntivo en oposición a un *cantara* que ten tamén usos indicativos.

Desde unha perspectiva metodolóxica, é preciso recoñecer que o estudo realizado mostra as limitacións propias dunha aproximación estratificaciónal aos feitos de variación lingüística. Este enfoque, que responde ao que Penelope Eckert (2012, 2018) chama “a First Wave” na historia dos estudos sobre variación, asume a existencia de correlacións estábeis entre categorías sociais simples e prefixadas e as realizacións lingüísticas dos falantes. Con todo, un traballo como o aquí exposto constitúe un punto de partida para investigacións posteriores que incorporen unha visión máis dinámica e complexa da variación no uso das formas verbais. A análise realizada, por tanto, non deixa de ser unha aproximación parcial aos feitos. Queda para o futuro o estudo detallado da variación intra- e interindividual en relación cos perfís sociolingüísticos dos informantes, así como o exame das súas declaracións metalingüísticas nas respostas aos cuestionarios e test de inseguridade lingüística, estudos que sen dúbida permitirán identificar novos factores relevantes no funcionamento das formas verbais no español de Galicia.

CORPUS E RECURSOS ELECTRÓNICOS CITADOS

- ARTHUS: *Archivo de Textos Hispánicos de la Universidad de Santiago*. <http://www.bds.usc.es/corpus.html>
 ADESSE: *Base de datos de Verbos, Alternancias de Diátesis y Esquemas Sintáctico-Semánticos del Español*. <http://adesse.uvigo.es/>
 BDS: *Base de datos sintácticos del español actual*. <http://www.bds.usc.es/>
 CdEGH: *Corpus del Español: Genre/Historical*. <https://www.corpusdelespanol.org/hist-gen/>
 CREA: *Corpus de Referencia del Español Actual*. <http://www.rae.es/recursos/banco-de-datos/crea>
 ESLORA: *Corpus para el estudio del español oral*. <http://eslora.usc.es>, versión 1.2.2 de novembro de 2018.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Acín Villa, Esperanza. 1996. Galleguismos en la prensa gallega escrita en castellano. En Manuel Casado et al. (eds.), *Scripta Philologica in memoriam Manuel Taboada Cid*, vol. I, 267-277. A Coruña: Universidade da Coruña.
- Alarcos, Emilio. 1994. *Gramática de la lengua española*. Madrid: Espasa Calpe.
- Alonso, Amado & Pedro Henríquez Ureña. 1939. *Gramática castellana. Segundo curso*. 24ª ed. Buenos Aires: Losada. 1971.
- Álvarez, Rosario & Ernesto González Seoane (eds.). 2017. *Gondomar. Corpus dixital de textos galegos da Idade Moderna*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <http://ilg.usc.gal/gondomar/> [Consultado: 12/12/2019]
- Álvarez Giménez, Emilio. 1870. *Estudio sobre las faltas del lenguaje que se cometen en Galicia*. Pontevedra: Imprenta D. José A. Antúnez y Cía.
- Azpiazu, Susana. 2017. Actitudes lingüísticas de los hablantes gallegos de español frente a la oposición Pretérito Perfecto Compuesto (PPC) / Pretérito Perfecto Simple (PPS). *LinRed: Lingüística en la Red* 15. 2017-2018.
- Becker, Martin G. 2008. From temporal to modal. Divergent fates of the temporal latin synthetic pluperfect in Spanish and Portuguese. En Ulrich Detges & Richard WALTEREIT (eds.), *The Paradox of Grammatical Change. Perspectives from Romance*, 147-179. Amsterdam: John Benjamins. <https://doi.org/10.1075/cilt.293.08bec>
- Bello, A. 1847. *Gramática de la lengua castellana destinada al uso de los americanos*. Edición crítica de Ramón Trujillo. Tenerife: Instituto Universitario de Lingüística Andrés Bello / Cabildo Insular de Tenerife, 1981.
- De Sterck, Goedele. 2000. *Gramática: registros y áreas geográficas en lingüística: valores y usos de las formas verbales en -ra, -se, -ría y -re*. Vol. II, 7 da serie *Gramática española: enseñanza e investigación* (Josse de Kock, ed.). Salamanca: Universidad de Salamanca.
- Dubert García, Francisco. 2002. Os sociolectos galegos. *Cadernos de Lingua* 24. 5-27.
- Eckert, Penelope. 2012. Three waves of variation study: The emergence of meaning in the study of variation. *Annual Review of Anthropology* 41. 87-100. <https://doi.org/10.1146/annurev-anthro-092611-145828>
- Eckert, Penelope. 2018. *Meaning and Linguistic Variation: The Third Wave in Sociolinguistics*. Cambridge: Cambridge University Press. <https://doi.org/10.1017/9781316403242>
- Fernández Ordóñez, Inés. 2016. Dialectos del español peninsular. En Javier Gutierrez-Rexach (ed.), *Enciclopedia de lingüística hispánica*, 387-405. London & New York: Routledge.
- Fernández Rodríguez, Mauro (dir.). Sen data. *Formación de un corpus de lengua hablada en la ciudad de A Coruña*. Proxecto financiado pola Universidade da Coruña, a Xunta de Galicia (XUGA10402A90) e a DGICYT (PB90-0324). Corpus non publicado.
- Fernández Salgado, Benigno. 2007. Cómo falar bo castelán en Galicia. A corrección lingüística nos manuais de bo uso publicados no século XIX. En Helena González & María Xesús Lama (eds.), *Actas do VII Congreso Internacional de Estudos Galegos (Barcelona, 28-31 de maio de 2003)*, 765-789. Sada: Ediciós do Castro / Universitat de Barcelona.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón. 2000. *Gramática da lingua galega*, vol. II: *Morfosintaxe*. Vigo: A Nosa Terra.
- Gómez Seibane, Sara. 2012. Algunos fenómenos sintácticos del español en Galicia (1767-1806). *Anuario de Estudios Filológicos* 25. 85-102.

- González Ollé, Fernando. 2012. *Continuidad histórica ininterrumpida de la forma –ra indicativo. Tradiciones discursivas y sintaxis*. Pamplona: Eunsa.
- Jurado Dueñas, Abili. 2018. Las formas “cantara” y “cantase” en las lenguas iberorrománicas. *RLLCGV* XXIII. 57-79. <https://doi.org/10.5944/rllcgv.vol.23.2018.23218>
- Kabatek, Johannes. 1996. *Die Sprecher als Linguisten. Interferenz- und Sprachwandelphänomene dargestellt am Galicischen der Gegenwart*. Tübingen: Niemeyer.
- Kany, Charles A. 1945. *American-Spanish Syntax*. Chicago: University of Chicago Press.
- Kempas, Ilpo. 2011. Sobre la variación en el marco de la libre elección entre cantara y cantase en el español peninsular. *Moenia* 17. 243-264.
- Labov, William. 1966. *The Social Stratification of English in New York City*. Washington, D.C.: Center for Applied Linguistics.
- Mallo, Jerónimo. 1947. El empleo de las formas del subjuntivo terminadas en «ra» con significación de tiempos del indicativo. *Hispania* 30. 484-487. <https://doi.org/10.2307/333880>
- Mallo, Jerónimo. 1950. La discusión sobre el empleo de las formas verbales en “ra” con función de tiempos pasados de indicativo. *Hispania* 33(2). 126-139. <https://doi.org/10.2307/333906>
- Monteagudo, Henrique & Antón Santamarina. 1993. Galician and Castilian in contact: historical, social and linguistic aspects. En Rebecca Posner & John N. Green (eds.), *Trends in Romance Linguistics and Philology*, vol. 5: *Bilingualism and Linguistic Conflict in Romance*, 117-173. Berlin / New York: Mouton de Gruyter.
- NGLE = Real Academia Española. 2009. *Nueva gramática de la lengua española*. Madrid: Espasa-Calpe.
- Octavio de Toledo y Huerta, Álvaro & Lola Pons Rodríguez. 2016. *Queja política y escritura epistolar durante la Guerra de Independencia: documentación de la Junta Suprema Central en el AHN. Selección, edición y estudio lingüístico*. Alcalá de Henares: Universidad de Alcalá.
- Pollán Valiña, Celia. 2001. The expression of pragmatics values by means of verbal morphology: A variationist study. *Language Variation and Change* 11(1). 59-89. <https://doi.org/10.1017/S0954394501131030>
- Pollán Valiña, Celia. 2002/2003. The morphological expression of pragmatic values in oral and written Galician. En Manuel Fernández Ferreiro & Fernando Ramallo (eds.), *Sociolinguistics in Galicia: Views on diversity, a diversity of views* [= *Estudios de Sociolingüística* 3/2, 2002, 4/1, 2003], 113-138.
- Preston, Dennis. 2013. Linguistic Insecurity Forty Years Later. *Journal of English Linguistics* 41(4). 304-331. <https://doi.org/10.1177/0075424213502810>
- Ramallo, Fernando. 2007. Sociolinguistics of Spanish in Galicia. *International Journal of the Sociology of Language* 184. 21-36. <https://doi.org/10.1515/IJSL.2007.012>
- Rojo, Guillermo. 1974. La temporalidad verbal en español. *Verba* 1. 68-149.
- Rojo, Guillermo. 1990. Relaciones entre temporalidad y aspecto en el verbo español. En Ignacio Bosque (ed.), *Tiempo y aspecto en español*, 17-43. Madrid: Cátedra.
- Rojo, Guillermo. 2004. El español de Galicia. En Rafael Cano (coord.), *Historia de la lengua española*, 1087-1101. Barcelona: Ariel.
- Rojo, Guillermo. 2008. De nuevo sobre la frecuencia de las formas *llegara* y *llegase*. En Jörn Albrecht & Frank Harslem (eds.), *Heidelberger Spätlese. Ausgewählte Tropfen aus verschiedenen Lagen der spanischen Sprach- und Übersetzungswissenschaft. Festschrift anlässlich des 70. Geburtstages von Prof. Dr. Nelson Cartagena*, 161-182. Bonn: Romanistischer Verlag.

- Rojo, Guillermo. 2011. Me pidieron que {*reseñara-reseñase*} el libro que Bosque {*?publicara / *publicase*}. En M. Victoria Escandell Vidal, Manuel Leonetti & Cristina Sánchez López (eds.), *60 Problemas de gramática dedicados a Ignacio Bosque*, 213-219. Madrid: Akal.
- Rojo, Guillermo & Victoria Vázquez Rozas. 2014. Sobre las formas en *-ra* en el español de Galicia. En Andrés Enrique-Arias, Manuel J. Gutiérrez, Alazne Landa & Francisco Ocampo (eds.), *Perspectives in the study of Spanish Language Variation. Papers in Honor of Carmen Silva-Corvalán*, 237-270. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela [= Anexo 72 de *Verba*].
- Rojo, Guillermo & Alexandre Veiga. 1999. El tiempo verbal. Los tiempos simples. En Ignacio Bosque & Violeta Demonte (dirs.), *Gramática descriptiva de la lengua española*, vol. 2, 2867-2934. Madrid: Espasa Calpe.
- Souto Cabo, José António. 2007. *A História de Don Servando. Edizón do manuscrito e estudo*. Santiago de Compostela: Cabido da S.A.M.I. Catedral de Santiago / Seminario de Estudos Galegos.
- Spaulding, Robert. 1931. *Syntax of the Spanish Verb*. New York: H. Holt and Company.
- Veiga Rodríguez, Alexandre. 2005. Falsos castellanismos en gallego. Anotaciones críticas desde la lingüística diacrónica. *Res Diachronicae Virtual* 4. 23-50. Número monográfico: Ana Rodríguez Barreiro & Ana García Lenza (coords.), *El Contacto de Lenguas*.
- Veiga, Alexandre. 2014. Diacronía de *he cantado / canté* en el sistema verbal español. Subsistema y variantes. En José Luis Ramírez Luengo & Eva Patricia Velásquez Upegui (eds.), *La historia del español hoy. Estudios y perspectivas*, 151-179. Lugo: Axac.